

1A.

Traballas no Departamento de Cultura e Xuventude como animador/a sociocultural nun pobo de 23.000 habitantes da área metropolitana de Vigo no que nos últimos anos incrementou o número de mozos e mozas que abandonan a vila por diferentes motivos, entre os que cabe destacar a suba do prezo do alugueiro, a falta de perspectivas laborais e a carencia de espazos culturais e de lecer.

Na vila existe un gran número de vivendas baleiras, carencias de coidados nos espazos públicos e infraestruturas con baixo uso. Ademais, nos últimos dous anos realizáronse unha serie de enquisas onde a mocidade demanda alternativas de lecer ao modelo actual. Entre os principais edificios públicos podemos destacar unha biblioteca-museo nun edificio histórico, un edificio de emprendemento para xente moza de catro pisos, dous centros sociais, un edificio abandonado pertencente a unha antiga fábrica de aceiros no centro do pobo e ao carón dun parque e un edificio histórico en ruínas. Ademais, o pobo conta cunha contorna natural accesible e agradable (dous ríos, varios regatos, un espazo natural amplo e patrimonio cultural e etnográfico de calidade).

Desde a nova OMIX na que traballas, realiza a programación de lecer nocturno para a xente moza para unha ponte de verán, de venres tarde-noite a martes tarde-noite. Deben quedar recollidos, como mínimo, os seguintes puntos: marco teórico e legal, obxectivos, metodoloxía de traballo, actividades, temporalización, recursos e mecanismos de avaliación.

Debes ter en conta os principios de accesibilidade, perspectiva de xénero e atención especial a colectivos vulnerables.

1B.

A nosa Escola Infantil, situada nunha localidade do interior rural galego, é de titularidade pública e xestión municipal que iniciou o seu camiño no ano 2021 coa idea de que “outra escola é posible”. Conta cos recursos espaciais e materiais establecidos na normativa vixente. É un espazo belo, amable e acolledor que nos asegura un ambiente de confianza, afectividade e seguridade. Só empregamos material non estruturado ou inespecífico. Todas as aulas teñen saída directa a unha zona exterior de 200 m² con árbores froiteiros, horta, areeiro e xardín que se emprega gran parte da xornada.

Ademais, a escola conta con recursos educativos, sanitarios e culturais no entorno próximo.

A maioría das familias son da localidade, agás unha familia de recente chegada de orixe ucraína cunha nena de 25 meses.

Os niveis educativos da Escola Infantil son de tres meses ata os tres anos e, nestes intres, conta con tres unidades (unha por cada grupo de idade) repletas en canto ao número de prazas.

Dispón dun horario continuado de 8:00 a 16:00 horas e ofrece o servizo de comedor. O horario de comedor é ás 12h para as nenas e nenos de 0 a 2 anos e ás 13h para as nenas e nenos de 2 a 3 anos, podendo variarse por razóns de ratios.

Como educadora do grupo de 2-3 anos desta escola, diseña unha programación de hábitos de hixiene persoal para a aula 2-3 que conteña cando menos: xustificación, obxectivos, metodoloxía, recursos e avaliación.

2A.

Traballas nunha casa niño situada nunha pequena aldea de Galicia de 70 habitantes. A infraestrutura que da soporte a esta casa niño está acondicionada de acordo aos requisitos establecidos pola normativa e sitúase na planta baixa dunha casa de dúas plantas. Dispón dunha saída ao exterior pola fachada principal, que da á praza do pobo, e outra pola parte posterior, que da acceso a un pequeno xardín. No seu interior conta cunha sala con iluminación e ventilación natural, espazo para a hixiene e espazo para a alimentación. A menos de 100 metros atopamos un río, cun bosque de ribeira accesible.

O horario de atención é de luns a venres de 8:00 a 16:00, e neste momento acoden 5 nenas e nenos das seguintes idades: dúas entre os 24-30 meses e tres de 30-36.

Partindo do centro de interese “**O río**”, diseña a intervención para unha xornada que inclúa unha proposta literaria, unha actividade plástica e unha actividade de expresión rítmico-musical, pondo en valor os recursos da contorna. Como mínimo debe incluír os seguintes apartados: **xustificación, obxectivos, metodoloxía, actividades, temporalización, recursos humanos, materiais e espaciais e avaliación.**

2B.

Antón ten 81 anos e presenta dificultades para o desprazamento, facendo uso da cadeira de rodas sen precisar apoio nas transferencias.

As súas destrezas manipulativas están minguadas a nivel de execución.

No desenvolvemento das AVD presenta necesidades de apoio nas ABVD relacionadas coa preparación de alimentos e o aseo e nas AIVD en concreto á hora de realizar ou recibir chamadas.

O seu domicilio, que é da súa propiedade, sito nun terceiro andar, característico dos anos 70, non recibiu ningunha reforma nin resulta accesible, o que complica a realización das AVD. Distribúese do seguinte xeito: 2 dormitorios, 1 salón comedor, 1 cociña e 1 baño.

Recentemente foi recoñecida a súa situación de dependencia e valorado o seu correspondente grao.

Formula unha intervención encamiñada a adaptar o domicilio de Antón para a promoción da súa autonomía persoal. Para isto deberás incluír, polo menos: xustificación, obxectivos, actuacións, recursos, metodoloxía e avaliación.